

## BANDO INFORMATIVO

### LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DAS FEIRAS

**Ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas así como da poboación en xeral, que esta Alcaldía, ven de ditar a Resolución nº 2020-0332, de 26 de maio, en relación ó levantamento da suspensión da celebración das feiras, cuxo tenor literal é o seguinte:**

“Vista a Orde do Ministerio de Sanidade 414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Visto o Decreto desta Alcaldía núm. 2020 – 0297, de data 15 de maio, polo que se declarou a suspensión da celebración das feiras no Concello de Viana do Bolo até novo aviso,

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Declarar o **levantamento da suspensión da celebración das feiras e mercados no Concello de Viana do Bolo.**

**SEGUNDO.** O número de postos autorizados limitarase ó **30%** dos habituais, e exclusivamente para a venda de **produtos de alimentación e horticultura.**

Os postos deberán sinalar de xeito claro a distancia de seguridade interpersoal de dous metros entre clientes, con marcas no chan ou mediante o emprego de balizas, cartelería ou sinalización para aqueles casos nos que sexa posible a atención individualizada a mais dun cliente.

A **distancia entre os postos** será de **dous metros**, e só poderá ocuparse **unha das marxes da vía pública.**

**TERCEIRO.** En **ningún caso poderá levarse a cabo o autoservizo** por parte do cliente, a fin de evitar a manipulación directa por estes dos produtos. É **obligatorio acudir á feira provisto de máscara protectora**, de tipo hixiénica ou cirúrxica.”

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 26 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.